

Formulario de inscripción:


Apelido/s:
Nome:
Pseudónimo:
Enderezo postal:
Lugar/data de nacemento:
Tel:
Correo electrónico:
Título da obra :
Técnicas utilizadas:
.....
Identificación do elemento fotografado:.....
.....

O pasado día 9 de xuño a Xunta de Galicia iniciou o procedemento para declarar ben de interese cultural do patrimonio inmaterial as técnicas construtivas da carpintería de ribeira.

A carpintería de ribeira sufriu un proceso de crise, marcada fundamentalmente pola regresión da pesca artesanal, pola introdución de novas técnicas de construción naval e pola falla de apoio oficial. Todo isto provocou a desaparición de máis do 60% de establecementos durante a última década.

Aínda así, Galicia pode considerarse hoxe como a reserva da carpintería de ribeira en Europa, o cal implica que temos que asumir unha gran responsabilidade no que respecta á súa conservación, posta en valor e transmisión.

Organiza:



Colaboran:



I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MUSEO MASSÓ 2017



B A S E S D O C O N C U R S O

1. ASPECTOS XERAIS: O Concurso de Fotografía Museo Massó pretende fomentar a educación patrimonial a través da fotografía.

As fotografías a concurso serán valoradas atendendo, principalmente, a tres criterios:

- ⇒ Estético: valorarase a sensibilidade á hora de recoller certos aspectos que singularicen e dignifiquen o elemento fotografado.
- ⇒ Técnico: valorarase aspectos puramente asociados á técnica desta arte.
- ⇒ Documental: valorarase que as fotografías presentadas acaden o valor de documento gráfico como forma de recoller e difundir o coñecemento do noso patrimonio cultural.

2. TEMÁTICA: “A carpintaría de ribeira tradicional”. O tema proposto ten a intención de recoller testemuñas das embarcacións tradicionais e das estruturas arquitectónicas, espazos e traballos en proceso dos estaleiros nos que se constrúen e constrúen estas embarcacións de madeira, tanto situadas na Comunidade Autónoma galega como noutras comunidades ou países. Os participantes poderán atender tanto a calquera aspecto que contribúa a poñer en valor estes bens culturais como aqueles aspectos que denuncien o seu estado de conservación, abandono, actos de vandalismo, reutilización, etc. Poderán fotografarse tanto as estruturas en pé das carpintarías tradicionais coma os testemuños ou elementos superviventes de estruturas arruinadas ou abandonadas.

A carpintaría de ribeira refírese tanto ás embarcacións tradicionais coma ao oficio, ao taller ou estaleiros que forman parte da arquitectura popular onde se constrúen as pequenas embarcacións de madeira dedicadas á pesca de baixura. Era un oficio humilde e en moitos casos itinerante. Por isto, os estaleiros son edificios sinxelos que normalmente se levantan sobre a area á beira do mar cunha estrutura de madeira, aproveitando polo xeral o material sobrante da propia actividade do taller.

3. CONDICIÓNS: Han de ser fotografías ou montaxes fotográficas actuais realizadas *ex professo* para o concurso. Non se admitirán obras seriadas. Todas as obras presentadas deberán ser orixinais, inéditas e non premiadas con anterioridade en ningún concurso.

É imprescindible que xunto cos datos do participante aparezan identificados os bens fotografados coa súa localización, nome do estaleiro e, se for posible, o nome do carpinteiro se estiver en activo.

4. PARTICIPANTES E NÚMERO DE OBRAS: poderá participar toda aquela persoa que o desexe cun número máximo de tres fotografías, se ben nunca recaerán dous premios no mesmo participante.

5. PREMIOS: establécense 3 premios. A obra gañadora recibirá un premio en metálico de 300 €, o segundo premio será de 150 € e o terceiro de 75 €. Estas tres obras, xunto cunha selección das mellores fotografías ou daquelas que mellor transmitan os valores e significación cultural das carpintarías de ribeira serán expostas na rúa, ao redor da carpintaría de ribeira de Purro situada no paseo da praia de Banda do Río, no centro urbano de Bueu, e nunha exposición temporal no Museo do Mar de Galicia en Vigo.

A entrega de premios realizarase no mes de outubro no Museo Massó, e a data precisa comunicarse polo menos con 10 días de antelación.

6. PRESENTACIÓN DAS OBRAS, IDENTIFICACIÓN E ENVÍO: O tamaño das fotografías en soporte dixital deberá ser de 100 cm de alto ou ancho, cunha resolución mínima de 300 puntos por polgada e en formato tif. As fotografías serán enviadas xunto co formulario no que figurarán os datos especificados nel.

⇒ envío das fotografías pode ser a través dun enlace web a: museo.massos@xunta.gal e para envíos postais en unidade de almacenamento USB ou CD : Museo Massó. Avda. Montero Ríos S/N. 36930 Bueu-Pontevedra. Será enviado un correo de confirmación de recepción.

⇒ **Rogamos que non envíen directamente por correo electrónico os arquivos de imaxe.**

7. PRAZO DE RECEPCIÓN DAS OBRAS: do 15 de agosto ata o 30 de setembro de 2017.

8. SELECCIÓN DE OBRAS,

XURADO E DECISIÓN: o xurado encargado de seleccionar as obras gañadoras estará formado polo fotógrafo Xurxo Lobato, a artista Mar Caldas, por un representante da Asociación de Embarcacións Tradicionais “ Os Galos” e pola directora do Museo Massó, Covadonga López de Prado Nistal. A decisión do xurado será comunicada ás persoas gañadoras vía telefónica e publicada na páxina web , no blog do Museo Massó e na prensa.

9. COMPROMISOS QUE ADQUIREN AS PERSOAS PARTICIPANTES E A ORGANIZACIÓN:

- ⇒ Cesión dos dereitos de reprodución das fotografías gañadoras e das seleccionadas para a exposición, sempre que se mencione o autor e teña como fin a divulgación e promoción cultural e, en calquera caso, sen ningún tipo de beneficio económico.
- ⇒ Os autores responsabilizaranse da autoría e orixinalidade das obras presentadas así como de que non existan dereitos de terceiros sobre elas e de calquera reclamación que por dereitos de imaxe puidera formularse.
- ⇒ No caso de seren seleccionadas, a impresión e montaxe correrá a cargo da organización, que decidirá o soporte mais adecuado.
- ⇒ As fotografías gañadoras e seleccionadas expóñense no contorno da carpintaría de ribeira de Purro, no centro urbano de Bueu e no Museo do Mar de Galicia, en Vigo. Así mesmo, poderán formar parte dunha exposición itinerante.
- ⇒ As copias impresas quedarán á libre disposición do Museo Massó
- ⇒ O feito de participar implica a aceptación íntegra das presentes bases.
- ⇒ En todo aquilo non previsto nestas bases, o Museo Massó resolverá o que proceda.

10. INFORMACIÓN: a través do teléfono 886 151 101 e a través do enderezo museo.massos@xunta.gal. No blog do Museo Massó (<http://museomasso.blogspot.com.es/>) se poderá atopar información sobre a localización das carpintarías de ribeira en Galicia.

